

**CONCELLO DE NEDA. EXAME TEST TRABALLADOR/A SOCIAL. 7/7/2021.**

**APELIDOS** \_\_\_\_\_

**NOME** \_\_\_\_\_

1. Toda notificación administrativa deberá ser cursada dentro do prazo de:
  - a) 5 días a partir da data na que o acto foi ditado.
  - b) 10 días a partir da data na que o acto foi ditado**
  - c) 15 días a partir da data na que o acto foi ditado
  - d) 20 días a partir da data na que o acto foi ditado
  
2. ¿Quen, dos seguintes, teñen a condición de interesados?
  - a) Os que non iniciaron o procedemento, aínda que teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que se adopte.
  - b) Os que comparezan no procedemento en curso por ter intereses lexítimos que poden resultar afectados pola resolución.
  - c) As asociacións representativas de intereses económicos aínda que sexan titulares de intereses lexítimos colectivos.
  - d) Todos os anteriores teñen a condición de interesados.**
  
3. Se unha solicitude de iniciación dun procedemento administrativo non reúne os requisitos establecidos pola Lei:
  - a) Se requirirá ao interesado para que no prazo de 10 días emende a falta, considerándoo, en caso contrario, como desistido do procedemento, sen máis trámite.
  - b) Se requirirá ao interesado para que no prazo de 10 días emende a falta, considerándoo, en caso contrario, como desistido do procedemento, previa resolución neste sentido.**
  - c) A Administración non ten a obriga de requirir, xa que o procedemento non se iniciou.
  - d) A Administración poderá requirir ao interesado se así o establece a normativa reguladora do procedemento en particular.
  
4. ¿Ten capacidade de obrar ante as Administracións Públicas un menor de idade?
  - a) Si, sempre que estea acompañado dos seus pais ou de quen ostente a súa representación
  - b) Non, para actuar sempre deberá facelo quen ostente a súa patria potestade
  - c) Si, para o exercicio e defensa daqueles dereitos cuxa actuación estea permitida polo ordenamento xurídico sen a persoa que ostente a súa patria potestade**
  - d) Non, en ningún caso
  
5. Os prazos fixados por días, segundo a Lei 39/2015:
  - a) Enténdense hábiles cando o cómputo se inicia un día hábil
  - b) Enténdense hábiles salvo que por lei ou no dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo**
  - c) Enténdense hábiles incluíndo os sábados
  - d) Son naturais salvo que expresamente se indique o seu carácter hábil

6. Un administrado, no momento no que presenta unha solicitude, pide que se achegue unha documentación que se estima necesaria polo Concello, pero que xa presentou con anterioridade nun procedemento doutro departamento. Ante esta circunstancia:

- a) A documentación que se requira nun procedemento se ten que achegar obrigatoriamente en cada solicitude ou para cada procedemento.
- b) O administrado ten dereito a que o Concello non lle requira documentos xa achegados, mais deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos,**
- c) O administrado ten dereito a que o Concello non lle requira documentos, e corresponde á Administración de oficio e sen máis, unir os documentos que xa están noutro procedemento.
- d) Ningunha é certa.

7. ¿Cal destas afirmacións é correcta?

- a) A Administración poderá absterse de resolver so pretexto de insuficiencia de preceptos legais aplicables ao caso.
- b) A Administración poderá absterse de resolver so pretexto de escuridade dos preceptos legais aplicables al caso.
- c) A Administración non poderá absterse de resolver so pretexto de insuficiencia de preceptos legais aplicables al caso.**
- d) A Administración non poderá absterse de resolver, salvo que a normativa reguladora do procedemento o permita.

8. De acordo coa Lei de Bases de Réxime Local o persoal ao servizo das Entidades Locais estará integrado por:

- a) Funcionarios de carreira e contratados en réxime de dereito laboral
- b) Funcionarios de carreira e persoal eventual
- c) Funcionarios de carreira, contratados en réxime de dereito laboral e persoal eventual**
- d) Funcionarios de carreira, contratados en réxime de dereito laboral e cargos electos.

9. O prazo para a interposición do recurso de reposición se o acto foi expreso será:

- a) En calquera momento a partir do día seguinte a aquel no que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.
- b) 1 mes**
- c) 2 meses
- d) 3 meses

10. Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos:

- a) enalzada
- b) potestativamente en reposición**
- c) enalzada e potestativamente en reposición
- d) ningunha é correcta

11. A vixente Lei de protección de datos, ten por obxecto garantir os dereitos dixitais da cidadanía conforme ao mandato establecido no artigo:

- a) 9.3 da Constitución
- b) 14 da Constitución
- c) 18.4 da Constitución**
- d) 35.1 da Constitución

12. O consentimento dos menores de idade no tratamento dos datos persoais:

- a) Unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de 12 anos.
- b) O tratamento de datos dos menores de 14 anos, só será lícito se consta o do titular da patria potestade ou tutela.
- c) Unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de 14 anos.
- d) A b) e a c) son correctas.**

13. Segundo o art. 59 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a valoración técnica das situacións que determinen o recoñecemento do dereito aos servizos e ás prestacións esenciais de carácter material ou económico

- a) É competencia da Xunta de Galicia**
- b) É competencia dos Concellos.
- c) É competencia do Estado.
- d) É competencia das Deputacións Provinciais.

14. Segundo o art. 81 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, non lle comunicar á autoridade xudicial ou administrativa competente, cando sexa esixible, o ingreso ou a saída dos centros de servizos sociais das persoas usuarias:

- a) É unha infracción leve
- b) É unha infracción grave**
- c) É unha infracción moi grave
- d) Non é constitutivo de infracción

15. Segundo o art. 30 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, o grao de dependencia será revisable

- a) A instancia do interesado ou do Ministerio Fiscal.
- b) A instancia do interesado ou dos seus representantes ou de oficio polas Administracións públicas competentes ou del Ministerio Fiscal.
- c) A instancia do interesado ou dos seus representantes ou de oficio polas Administracións públicas competentes.**
- d) Ningunha é correcta

16. Darase prioridade no acceso ao servizo de axuda a domicilio:

- a) A orde de presentación da solicitude.
- b) Non se terá en conta a súa situación económica
- c) **En todo caso darase prioridade ás persoas que teñan dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.**
- d) A a) e a b) son correctas.

17. Enténdese coidados profesionais para as ABVD:

- a) os prestados pola súa familia e veciños
- b) os prestados por persoas do seu entorno.
- c) **os prestados por una institución pública ou entidade, cuxa finalidade é prestar servizos ás persoas dependentes, tanto no seu fogar ou nun centro.**
- d) A a) e a b) son correctas.

18. Son principios da lei 39/2006, do 14 de decembro:

- a) A atención ás persoas en situación de dependencia.
- b) A valoración das necesidades das persoas atendendo a criterios de equidade para garantir a igualdade real.
- c) A permanencia das persoas en situación de dependencia sempre que sexa posible no seu entorno.
- d) **Todas son correctas**

19. Os niveles de protección do sistema de atención á dependencia se prestará nos termos establecidos na Lei 39/2006 e de acordo cos seguintes niveis:

- a) Nivel de protección mínimo establecido pola Administración.
- b) Nivel adicional de protección que pode establecer cada Comunidade Autónoma.
- c) O nivel de protección entre as empresas públicas e privadas dos Concellos.
- d) **A a) e a b) son correctas.**

20. O catálogo de servizos comprende servizos sociais de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia tales como:

- a) Servizo de axuda a domicilio.
- b) Servizo de teleasistencia.
- c) Servizo de centro de día.
- d) **Todas son correctas.**

21. A prestación económica de libranza vinculada ao servizo:

- a) Terá carácter semestral.
- b) Non é unha prestación periódica.
- c) **Estará en todo caso, vinculada á adquisición dun servizo.**
- d) Só se terá en conta o grao e o nivel de dependencia do beneficiario.

22. A información contida na historia social única electrónica estará vinculada con:

- a) Todos os seus familiares.
- b) Só cos seus irmáns.
- c) **Unha única persoa usuaria.**
- d) Todas son correctas.

23. A historia social única electrónica se xestionará:

- a) Mediante SIUSS
- b) Se poderá acceder sempre desde o MATIASS.
- c) **Mediante o sistema de información denominado HSUE.**
- d) Todas son correctas.

24. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto principal:

- a) Manter as vivendas limpas e ordenadas.
- b) Acompañar nos seus recados aos usuarios.
- c) **Prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio dende una perspectiva integral e normalizada.**
- d) Todas as respostas son correctas.

25. O servizo de axuda no fogar unicamente atenderá:

- a) Persoas maiores
- b) Persoas que teñan limitada a súa autonomía persoal.
- c) Persoas con discapacidade.
- d) **Todas son correctas.**

26. Enténdese por dependencia:

- a) A necesidade da persoa para xestionar os seus bens.
- b) Un estado momentáneo de saúde ou enfermidade.
- c) A a) e a b) son correctas.
- d) **O estado de carácter permanente na que se atopa a persoa por razóns de saúde, idade, discapacidade que necesita apoio doutra persoa para realizar actividades básicas da vida diaria.**

27. A Lei 39/2006, do 14 de decembro, ten por obxecto:

- a) Regular o servizo de axuda a domicilio.
- b) Regular as condicións básicas que garanten a igualdade no dereito da cidadanía a unha prestación económica.
- c) Ningunha é correcta.
- d) **Regular as condicións básicas que garanten a igualdade da cidadanía á promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.**

28. A finalidade do sistema para a autonomía persoal e a atención á dependencia é:

- a) Que todos os cidadáns teñan axuda a domicilio.
- b) O sistema de autonomía sexa unha rede privada de axudas ás persoas dependentes.
- c) **Que o sistema garanta as condicións básicas e o contido común da lei serve para a colaboración entre as administracións para optimizar os recursos e mellorar as condicións de vida dos cidadáns**
- d) **O sistema se configura como unha rede de utilización privada, que integra de maneira coordinada aos centros e servizos públicos e privados.**

29. A atención ás persoas en situación de dependencia e promoción da súa autonomía persoal deberán orientarse a :

- a) A atención de todos os cidadáns.
- b) **A consecución dunha mellor calidade de vida e autonomía persoal nun marco de efectiva igualdade de oportunidades.**
- c) A atención aos cidadáns en risco de exclusión.
- d) A a) e a c) son correctas.

30. A historia social única electrónica deberá conter:

- a) Unicamente os datos de saúde.
- b) Unicamente os datos económicos.
- c) **A suficiente, adecuada, pertinente e necesaria para documentar o proceso de intervención social da persoa usuaria.**
- d) Todo tipo de datos económicos, saúde, débedas e bens.

31. Segundo o artigo 12 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos sociais comunitarios e a súa financiamento, as demandas de información xeral sobre prestacións públicas ou funcionamento ordinario da Administración e do sistema galego de servizos sociais, que non impliquen intervención profesional cualificada nin comprometan a privacidade das persoas, poderán ser atendidas:
- a) Por persoal do servizo de conserxería
  - b) Por persoal do servizo que desempeñe labores de apoio administrativo**
  - c) Por persoal voluntario
  - d) Todas son incorrectas
32. O Servizo de Axuda a domicilio público se prestará por:
- a) As Entidades Locais, ben directamente, ou ben, mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.**
  - b) Unicamente polas Entidades Locais de forma directa
  - c) Mediante entidades privadas que poderán subcontratar tanto atención principal como os servizos complementarios.
  - d) Ningunha das respostas é correcta
33. Segundo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e a súa financiación, realizar a valoración e o diagnóstico social das demandas da cidadanía, ¿de que programa ou servizo dos Servizos Sociais comunitarios básicos é un contido?:
- a) Do Programa de Valoración, Orientación e Información**
  - b) Do Programa de Fomento da Cooperación e da Solidaridade social
  - c) De todos os Programas e Servizos dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos
  - d) Todas son incorrectas.
34. De conformidade co establecido no Decreto 99/2012, do 16 de Marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento, o acceso ao Servizo de Axuda a Domicilio municipal producirase de forma prioritaria e directa para:
- a) Persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade sen apoios, exclusivamente
  - b) Fogares con menores que necesiten unha intervención de carácter socioeducativo, exclusivamente
  - c) Familias en risco de exclusión social, exclusivamente
  - d) Persoas que teñan recoñecido un dereito de atención dentro do Sistema de Autonomía e atención á Dependencia**
35. Cal é a intensidade máxima para o Servizo de Axuda a Domicilio para unha persoa cunha situación de Dependencia en Grao III?
- a) 70 horas**
  - b) 90 horas
  - c) 80 horas
  - d) 45 horas

36. Unha persoa beneficiaria do Servizo de Axuda a Domicilio a través do Sistema da Dependencia, durante cuanto tempo pode solicitar a suspensión temporal do seu Servizo nun ano?
- a) **Durante 2 meses**
  - b) Durante 6 meses
  - c) Durante 5 meses
  - d) Durante 12 meses
37. A Entidade Local titular do Servizo de Axuda no Fogar, tanto se o presta en réxime de xestión directa como se o presta en réxime de xestión indirecta ou, de ser o caso a entidade prestadora en réxime privado do Servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se lle preste o Servizo, o cal contará, cando menos de:
- a) **Un Informe Social, un proxecto de intervención, un plan de traballo e un acordo de servizo asinado entre a entidade titular do servizo e a persoa usuaria**
  - b) Un Informe Social e un proxecto de intervención
  - c) Un Plan de Traballo e un Proxecto de Intervención
  - d) Un Informe Social e un acordo do Servizo asinado entre as partes implicadas
38. Segundo a Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, os Servizos Sociais se estruturan en dous niveles de actuación:
- a) Servizos Sociais básicos e especializados
  - b) Servizos Sociais Básicos e Específicos
  - c) **Servizos Sociais Comunitarios e Especializados**
  - d) Servizos Sociais de Atención primaria e Servizos Sociais de Atención específica.
39. Entre os tipos de Entrevista como instrumento do Traballo Social figuran:
- a) Entrevista Informativa
  - b) Entrevista de Orientación
  - c) Entrevista de Soporte
  - d) **Todas as respostas son correctas**
40. A Visita domiciliaria no Traballo Social, debe ser:
- a) Organizada, respondendo a obxectivos consensuados
  - b) Con cita previa y sen consentimento explícito
  - c) Coa seguridade de que as persoas comprenden que non se trata dunha intromisión nas súas vidas privadas.
  - d) **As respostas a e c son correctas.**



DE RESERVA:

41. **Contra a resolución dun recurso de reposición:**

- a) **non poderá interpoñerse de novo dito recurso**
- b) non poderá interpoñerse de novo dito recurso ata pasados 3 meses
- c) non poderá interpoñerse de novo dito recurso salvo que aparezan novos documentos de valor esencial para a resolución
- d) poderá interpoñerse de novo dito recurso ata en dúas ocasións máis

42. **O persoal que en virtude de nomeamento legal ocupa provisionalmente, por necesidade ou urxencia, postos de traballo vacantes que corresponden a prazas de funcionarios ou en substitución destes son:**

- a) Funcionarios de carreira
- b) **Funcionarios interinos**
- c) Funcionarios eventuais
- d) Persoal laboral temporal

43. **A tramitación dun recurso administrativo:**

- a) **Non require da súa correcta cualificación no escrito de interposición**
- b) Ten carácter preferente sobre calquera outro procedemento
- c) Debe ser resolto polo órgano ao que se dirixe
- d) Soamente pode ter lugar coa renuncia expresa á vía xudicial

44. **Os obxectivos do servizo de axuda a domicilio son:**

- a) Mellorar a calidade de vida dos usuarios.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu entorno.
- c) Mellorar e manter as relacións familiares e sociais.
- d) **Todas son correctas.**

45. **No eido do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:**

- a) Atencións de carácter persoal na realización de actividades básicas e da vida diaria.
- b) Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda.
- c) Preparación dos alimentos.
- d) **Todas son correctas.**